

## **Xustificación:**

É necesario adaptar a clasificación de revistas do actual baremo debido a que a clasificación aplicada ás áreas de sociais e humanidades se basea na realizada polo UCUA, xa desaparecida, e o CARHUS, profundamente modificado. É momento de buscar outros referentes e adecuar esta clasificación á realidade actual da ciencia nos seus distintos ámbitos.

## **PROPOSTA DE ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN DE REVISTAS NO BAREMO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA**

Nos últimos tempos, a valoración da calidade investigadora das institucións de educación superior é un elemento básico de valoración das actividades desenvolvidas polas universidades e a súa situación relativa no contorno. Os distintos sistemas de valoración teñen como denominador común a presenza dos resultados de investigación dos grupos e investigadores das institucións universitarias nas bases de datos e nos accesos a repositorios en internet.

A asignación de créditos propios da UDC como resultado da valoración da produción científica da UDC non pode ser entendida como un mecanismo de financiamento da investigación nin de avaliación da actividade investigadora individual dos investigadores, senón un ferramenta de política científica da UDC que, ao incentivar a actividade investigadora, sirva para conseguir unha maior presenza e difusión dos resultados de investigación dos grupos e investigadores da UDC e aumentar así a visibilidade institucional desta.

A valoración, polo tanto, da produción científica da UDC débese realizar seguindo os parámetros e criterios recoñecidos a nivel das institucións de educación superior, tanto no ámbito nacional como internacional. Na valoración da produción científica, internacionalmente, téñense en conta fundamentalmente os criterios de volume da información publicada, a súa visibilidade e o impacto. Os elementos que se consideran á hora da elaboración de indicadores son publicacións periódicas, libros, monografías, congresos (sempre que dean lugar a publicacións) e captación de recursos externos en convocatorias competitivas.

Para os distintos estudos utilízanse os datos contidos en distintas bases de datos como son Web of Science, incluíndo o JCR, ou SCOPUS en que se analizan indicadores bibliométricos como son Producción total, Producción citable, Producción ponderada e Factor de impacto medio ponderado. Se ben estes criterios son válidos para os campos científico-tecnolóxicos, son de máis difícil aplicación en campos relacionados con áreas de Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas. Para iso xurdiron outras ferramentas que permiten establecer indicios de calidade e difusión nestas áreas científicas. Entre estas ferramentas, tanto a nivel nacional como internacional, podemos citar ERIH, DICE, RESH, CARHUS, ICDS, IN-RECS, IN-RECJ etc. Estas son as ferramentas que utilizará a UDC para valorar a produción científica.

**ERIH:** o Índice de Referencia Europeo para as Humanidades (ERIH) é un proxecto europeo na área das Humanidades realizado pola Fundación de Ciencia Europea (ESF). O obxectivo do ERIH é crear unha [listaxe das revistas europeas](#) significativas nos campos das artes e das humanidades en Europa. Establece tres categorías: A) publicacións de ámbito internacional de alta reputación, B) publicacións internacionais e C) publicacións de ámbito local/ rexional europeo.

[IN-RECS](#): Índice de Impacto das Revistas Españolas de Ciencias Sociais. Abrangue 10 categorías das ciencias sociais calculándose o índice de impacto de 735 revistas. O cálculo do índice de impacto calcúlase igual que o Impact Factor de JCR.

[IN-RECJ](#): Índice de Impacto das Revistas Españolas de Ciencias Jurídicas. Abrangue 10 categorías das ciencias xurídicas calculándose o índice de impacto de 735 revistas. O cálculo do índice de impacto calcúlase igual que o Impact Factor de JCR.

[RESH](#) (Revistas Españolas de Ciencias Sociais e Humanas): clasificación de revistas elaborada polo CINDOC do CSIC. Cada revista ten unha [valoración integrada](#) que é o resultado da suman de sete parámetros: anos de vida da revista, cumprimento da periodicidade, o número de criterios Latindex que cumpre ([criterios DICE](#)), existencia de revisores externos, valoración do profesorado universitario e do persoal investigador, índice de Impacto Medio 1999-2003, visibilidade internacional a través da presenza en bases de datos internacionais. Esta base de datos publica tamén o factor de impacto (FI), pero a partir do ano 2003 só actualiza o FI das revistas de humanidades xa que asume o factor de impacto de IN-RECS e IN-RECJ. Inclúe un total de 899 revistas agrupadas en sete campos do coñecemento de ciencias humanas e oito de ciencias sociais.

[CARHUS](#) (substitúe a DURSI): listaxe de revistas realizada pola Agència de Gestió d'Ajuts Universitaris i de Recerca ([AGAUR](#)) que inclúe revistas científicas de nivel local, nacional e internacional dos ámbitos xurídico-sociais e humanidades. A última edición, [CARHUS Plus+ 2008](#) comprende un total de **5 430** revistas clasificadas en catro categorías (A, B, C e D), incluíndo na categoría A todas as revistas que cumpren o criterio de ter un ICDS (Índice Combinado de Distribución Secundaria) superior a 7 (introdúcese unha excepción para as revistas de ámbito catalán, ao considerar as que teñen un ICDS superior a 3, o que afecta a 10 revistas). A categoría A inclúe 1 904 revistas. Están pendentes de publicación as categorías B, C e D.

[ICDS](#) (Índice Combinado de Distribución Secundaria) é un indicador deseñado na Universidade de Barcelona que mide a difusión das revistas de humanidades, ciencias xurídicas e sociais en bases de datos científicas. O ICDS é publicado por [Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes \(MIAR\)](#). Este índice vincula o ISSN das revistas, clasificadas por ámbitos e por campos académicos, coa súa presenza en bases de datos de indexación e resumos, repertorios de revistas e catálogos de bibliotecas. MIAR analiza **27 816** publicacións do ámbito das humanidades, ciencias sociais e xurídicas e analiza a súa presenza en **47 repertorios** multidisciplinares e específicos. O [ICDS](#) é o resultado do cálculo matemático que valora a maior ou a menor difusión da revista nas bases de datos.

## **CRITERIOS ESPECÍFICOS**

### **1. - Artigos en revistas** (tanto en papel impreso como en formato electrónico)

#### **Grupo A+.**

Inclúense neste grupo as publicacións en revistas de especial relevancia nos distintos campos científicos, con alta reputación entre os investigadores, citadas internacionalmente e, en xeral, cun importante plus de difusión internacional nos ámbitos científicos de cada campo.

Considérase que pertencen a este grupo as revistas que cumpran algún destes requisitos:

- Revistas que aparecen indexadas no 1.º cuartil nas relacións por ámbitos científicos no "Subject Category Listing" do Journal Citation Reports do Science

Citation Index (SCI), do Social Sciences Citation Index (SSCI) e do Arts and Humanities Citation Index (AHCI) de Thompson ISI que se pode consultar en *Web of Science*.

- Revistas que aparecen clasificadas como A no ERIH.
- Revistas que aparecen no 1.º cuartil da listaxe de Impacto das Revistas Españolas de Ciencias Sociais (IN-RECS) e Ciencias Jurídicas (IN-RECJ) elaborada polo grupo EC3 da Universidade de Granada. Utilizarase a que corresponda á do ano valorado ou, no seu defecto, do último publicado.
- Revistas indexadas na relación de Revistas Españolas de Ciencias Sociais e Humanas (RESH) elaborada por CINDOC do CSIC que cumpre con todos os criterios DICE e que ademais aparecen no JCR en calquera dos cuartís.
- Revistas catalogadas como A na listaxe de revistas CARHUS realizada pola Agència de Gestió d'Ajuts Universitaris i de Recerca ([AGAUR](#)) CARHUS (DURSI), agás as excepciónadas por ser do ámbito catalán.
- Revistas que presentan un Índice Combinado de Distribución Secundaria (ICDS), elaborado por MIAR da Universidade de Barcelona, superior a 8.

### **Grupo A**

Considérase que pertencen a este grupo as revistas que cumpran algún destes requisitos:

- Revistas que aparecen indexadas nas relacións por ámbitos científicos no "Subject Category Listing" do Journal Citation Reports do Science Citation Index (SCI), do Social Sciences Citation Index (SSCI) e do Arts and Humanities Citation Index (AHCI) de Thompson ISI que se pode consultar na *Web of Science* non incluídas no apartado anterior.
- Revistas que aparecen clasificadas como B no ERIH.
- Revistas que aparecen no 2.º e no 3.º cuartil da listaxe de Impacto das Revistas Españolas de Ciencias Sociais (IN-RECS) e Ciencias Jurídicas (IN-RECJ) elaborada polo grupo EC3 da Universidade de Granada. Utilizarase a correspondente á do ano valorado ou, no seu defecto, do último publicado.
- Revistas indexadas na relación de Revistas Españolas de Ciencias Sociais e Humanas (RESH) elaborada polo CINDOC do CSIC que cumpren con todos os criterios DICE.
- Revistas catalogadas como A e B na Listaxe de Revistas CARHUS realizada pola Agència de Gestió d'Ajuts Universitaris i de Recerca ([AGAUR](#)) CARHUS (DURSI), agás as excepciónadas por ser do ámbito catalán.
- Revistas que presentan un Índice Combinado de Distribución Secundaria (ICDS), elaborado por MIAR da Universidade de Barcelona, igual ou superior a 5.

### **Grupo B**

Son aquelas revistas con ISSN que, aínda que non se atopan no apartado anterior, teñen censores externos, comités editoriais e máis científicos, periodicidade e regularidade na súa publicación e figuran en bases de datos.

Pertencen a este grupo as revistas que cumpran algún destes requisitos:

#### **A) Áreas de Humanidades e de Ciencias Sociais**

- Revistas que aparecen clasificadas como C ou D no ERIH.
- Revistas que aparecen no 4.º cuartil na listaxe de Impacto das Revistas Españolas de Ciencias Sociais (IN-RECS) e Ciencias Jurídicas (IN-RECJ) elaborada polo grupo EC3 da Universidade de Granada. Utilizarase a correspondente á do ano valorado ou, no seu defecto, do último publicado.

- Revistas indexadas na relación de Revistas Españolas de Ciencias Sociais e Humanas (RESH) elaborada polo CINDOC do CSIC que cumpren polo menos co criterio DICE de utilizar avaliadores externos.
- Revistas catalogadas como C ou D na listaxe de revistas CARHUS realizada pola Agència de Gestió d 'Ajuts Universitaris i de Recerca ([AGAUR](#)) CARHUS (DURSI).
- Revistas que presentan un Índice Combinado de Distribución Secundaria (ICDS), elaborado por MIAR da Universidade de Barcelona superior a 2.

#### B) Resto das áreas

- Revistas que non aparecen indexadas non Journal Citation Reports e si figuran nalgunha das bases de datos do anexo I. A relación de bases de datos poderá ser actualizada pola Comisión de Investigación, que informará o Consello de Goberno dos cambios que se produzan e que a publicará na páxina web da Vicerreitoría.

**Grupo C:** son aquelas revistas de **carácter científico** que non están incluídas nas categorías anteriores e cumpren os seguintes requisitos:

- ISSN consignado en lugar visible
- Antigüidade mínima de dous anos
- Constancia expresa nos exemplares de consello de redacción ou comité editorial
- Información sobre o proceso de selección de manuscritos, con referato externo

Non se incluírán publicacións de divulgación, de difusión ou de opinión, nin artigos en revistas de difusión profesional ou de información xeral etc.

#### VALORACIÓN

A+: 12 puntos

A: 8 puntos

B: 4 puntos

C: 2 puntos

***Entrada en vigor: esta modificación aplicarase á produción científica de 2010 (que se solicita en 2011).***

## **ANEXO I**

Bases de datos nas que deben figurar as revistas do grupo B dos ámbitos Científicos, Técnicos e Ciencias da Saúde:

Agricola  
Analitical Abstracts  
Applied Mechanical Reviews  
Applied Science and Technology Index  
Architectural Publication Index (Royal Institute of British Architects)  
Avery Index to Architectural Periodicals  
Biological Abstracts  
CAB Abstracts  
Chemical Abstracts  
CINAHL  
EiCompendex  
EMBASE  
Environmental Abstracts  
Geobase  
Georef  
INSPEC  
International Civil Engineering Abstracts  
International Development Abstracts  
IPA (International Pharmaceutical Abstracts)  
Sciences (IBZ),  
International Civil Engineering Abstracts  
Latindex,  
Mathematical Reviews  
Medlaine  
PASCAL  
Scielo  
Sport Discus  
TRIS Electronic Bibliography data  
Zentralblatt für Mathematik  
Zentralblatt für Didaktik der Mathematik (Math-Di)